

Recurso nº 135/2019**Resolución nº 126/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por ATLANTIC PONTE 2000 SLU contra o acordo de adxudicación do contrato de servizos complementarios e administrativos específicos necesarios para o correcto funcionamento do centro de información das mulleres (CIM) do Concello da Coruña, expediente 237/2018/36, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Concello da Coruña convocouse a licitación do contrato de servizos complementarios e administrativos específicos necesarios para o correcto funcionamento do centro de información das mulleres (CIM) cun valor estimado declarado de 164.648,25 euros.

Segundo.- O día 16.05.2019 ATLANTIC PONTE 2000 SLU interpuxo recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación, a través do formulario telemático existente a tal fin.

Terceiro.- Recibido o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP), ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP procedeu ditar a presente Resolución.

Cuarto.- O 27.05.2019 foi acordado o mantemento do efecto suspensivo automático do artigo 53 LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme aos artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- O recorrente foi o segundo clasificado no procedemento de licitación, o que lle outorga lexitimación para a interposición deste recurso.

Cuarto.- O órgano de contratación alega a extemporaneidade do recurso como causa de inadmisión do mesmo.

Analizado o expediente remitido a este Tribunal, resulta que a notificación electrónica do acordo de adxudicación foi posta a disposición do recorrente o día 23.04.2019, constando como data de lectura o 24.04.2019. O dito acordo de adxudicación fora obxecto de publicación na Plataforma de Contratos do Sector Público o día 17.04.2019.

A DA 15ª da LCSP establece (á que se remite o artigo 50.1.d):

“1. As notificacións a que se refire a presente lei poderanse realizar mediante enderezo electrónico habilitado ou mediante comparecencia electrónica. Os prazos computables desde a notificación contaránse desde a data de envío desta ou do aviso de notificación, se é mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicase o mesmo día no perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario, os prazos computaranse desde que o interesado reciba a notificación.”

Polo tanto, sendo publicado o acordo impugnado con anterioridade á posta a disposición da notificación, a data de inicio do cómputo do prazo de quince días hábiles para a interposición deste recurso especial é precisamente a desa posta a disposición. Nese sentido, é evidente que a esixencia establecida nesa DA 15ª a que o acto se publicase o mesmo día da notificación cumprese igualmente para un caso, coma este, no que esa publicación se produce en días anteriores, pois precisamente esa regra contempla esa publicidade como garantía de posible coñecemento do acto de xeito previo ou parello ao envío da notificación, sen necesidade de agardar á súa recepción.

En consecuencia, sendo ese dies a quo o 23.04.2019, o recurso presentado o día 16.05.2019 resulta interposto fóra de prazo, polo que procede a súa inadmisión. No mesmo sentido aquí exposto, cabe citar a Resolución 146/2018 do Tribunal Administrativo de Contratos públicos de Canarias.

Finalmente, sinalar que xa con anterioridade o artigo 44.2 do TRLCSP prevía para a impugnación contra o acordo de adxudicación o dies a quo fora o do envío do mesmo, non a súa recepción (por todas, Resolución 101/2017 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Castela e León).

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por ATLANTIC PONTE 2000 SLU contra o acordo de adxudicación do contrato de servizos complementarios e administrativos específicos necesarios para o correcto funcionamento do centro de información das mulleres (CIM) do Concello da Coruña, expediente 237/2018/36.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.